



**MATERIAL DIDÁCTICO**  
**YOLANDA CASTAÑO**

*“A poesía é unha lingua minorizada”*



## YOLANDA CASTAÑO

Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) é un dos rostros máis coñecidos da poesía galega. Licenciada en Filoloxía, realizou tamén estudos audiovisuais. Entre outras colaboracións televisivas, foi co-presentadora do concurso *Cifras e letras*. En 2004 recibiu o Premio Mestre Mateo á Mellor Comunicadora polo programa cultural *Mercuria* do que era guionista, presentadora e directora.

A súa obra poética, que figura en numerosos libros colectivos e antoloxías tanto galegos como foráneos, componse de seis títulos: *Elevar as pálpebras* (1995, premio Fermín Bouza Brey), *Delicia* (1998), *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998, Premio Johán Carballeira e Premio da Crítica), *Libro da*



*egoísta* (2003), *Profundidade de campo* (2007, Premio de Poesía Espiral Maior) e *A segunda lingua* (2014, Premio Novacaixagalicia). Antologou os seus tres primeiros libros en *Edénica* (2000, volume que inclúe un disco onde ela mesma canta os seus textos) e en *Erofanía* (2008). Son numerosas as distincións que Yolanda Castaño ten acadado pero, entre elas, destacan especialmente o feito de ser “Autora do Ano” nos Premios Irmandade do Libro 2014, quedar finalista do Premio Nacional de Poesía por *A segunda lingua* e que *Profundidade de campo*, ademais de ser elixido por *El Cultural* como un dos cinco mellores poemarios editados en 2009 en España, gañase o premio El Ojo Crítico ao mellor libro de poemas dun autor/a mozo/a.


Catro das súas obras contan con edicións bilingües en galego e castelán. Trátase de *Vivimos no ciclo das erofanías* (2000), *Libro da egoísta* (2006), *Profundidade de campo* (2009) e *A segunda lingua* (2015).

En solitario ou colaborando con outros artistas, Yolanda Castaño fusiona adoito a poesía coa música, a plástica, o audiovisual, a fotografía, a arquitectura e a cociña. Escribiu para primeiros lectores *Punver* (2006), *Punver de volta* (2009), *Cando eu saiba ler* (2009), *Verdades* (2012) e *Coller as rendas* (2015).

Ao seu labor como creadora hai que sumar outras numerosas facetas: imparte obradoiros, coordina volumes colectivos, comisaría mostras de arte e poesía, traduce, foi articulista en diferentes medios de prensa, participa en numerosos festivais internacionais (recitando ou como conferenciante) e, sobre todo, é unha activa dinamizadora cultural. Na actualidade dirixe, na Coruña, o ciclo de recitais “Poetas di(n)versos” (que se inicia no 2009 e que mereceu o Premio da Crítica de Galicia á mellor Iniciativa Cultural en 2014); en Pontevedra, o Festival Pontepoética; e, na illa de San Simón, o Obradoiro Internacional de Tradución Poética “Con barqueira e remador”.

En diversas ocasións fóronlle concedidas bolsas internacionais de creación en residencia que a levaron a Rodas, Múnic, Beijing e Escocia.

**1. Despois de ler o texto biobibliográfico sobre Yolanda Castaño, localiza nesta sopa de letras trece verbos relacionados coas diferentes actividades que desempeña.**




**2. Yolanda Castaño é unha autora moi premiada. Xunta cada premio coa entidade que o promove.**

|                    |  |
|--------------------|--|
| Mestre Mateo       | Radio Nacional de España                   |
| Fermín Bouza Brey  | Ministerio de Cultura, Educación e Ciencia |
| Johán Carballeira  | Pen Clube de Galicia & Abanca              |
| Novacaixagalicia   | Federación de Librarías de Galicia         |
| El Ojo Crítico     | Concello de Vilagarcía de Arousa           |
| Irmandade do libro | Academia Galega do Audiovisual             |
| Nacional de Poesía | Concello de Bueu                           |

**3. É pouco frecuente que un poemario en galego acade unha segunda edición. Con todo, dous libros de Yolanda Castaño foron reeditados. Averigua os seus títulos e en que ano volveron saír do prelo.**


**4. A poesía de Yolanda Castaño ten sido traducida a 25 linguas. Sitúa neste mapa o lugar onde se fala...**

polaco, castelán, serbio, inglés, árabe, éuskaro, xaponés, francés, armenio, portugués, chinés, alemán, lituano, ruso, italiano e catalán



5. Sabes o que é un neoloxismo? No título *Vivimos no ciclo das erofanías* hai un. Localízao e indica o seu significado.

6. Observa a imaxe de Punver, o protagonista do primeiro poemario infantil escrito pola autora, e trata de deducir que dúas palabras xuntou para crear este nome.






7. En que disciplina artística se utiliza o concepto de “profundidade de campo”? Explica tamén en que consiste.

8. Desde 2009, Yolanda Castaño coordina na Coruña o ciclo de recitais “Poetas di(n)versos”. Este título pode lerse, e entenderse, de dúas formas diferentes. Cales?

9. Que triplo sentido podemos atopar na denominación do Festival “Ponte poética”?

10. Tal e como se afirma no texto biobibliográfico, é habitual que a poesía de Yolanda Castaño dialogue con outras manifestacións artísticas. Sinala, nas seguintes obras, con que arte entran en relación os seus versos.



11. O Obradoiro Internacional de Tradución “Con barqueira e remador” celébrase na Illa de San Simón. Sabes situar esta illa no mapa?



12. Yolanda Castaño ten disfrutado de varias bolsas como “creador en residencia”. Averigua en que consiste este concepto e nomea os países onde as disfrutou.

13. O título de Obradoiro Internacional de Tradución “Con barqueira e remador” crea un xogo intertextual coa cantiga medieval “Sedia-m’eu na ermida de San Simion” de Meendinho. Le a cantiga e indica:

- Que elemento teñen en común a cantiga e o obradoiro?
- De que tipo é esta cantiga medieval? Xustifica a resposta.
- Na cantiga, o eu poético séntese en perigo. Por que?
- Por que o obradoiro se denomina “Con barqueira e remador”?

1        Sedia-m'eu na ermida de San Simi3n  
e cercaron-mi as ondas, que grandes son.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

Estando na ermida ant'o altar,

5        cercaron-mi as ondas grandes do mar.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

E cercaron-mi as ondas, que grandes son:  
non hei i barqueiro, nen remador.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

10       E cercaron-mi as ondas do alto mar:  
non hei i barqueiro, nen sei remar.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

Non hei i barqueiro, nen remador:  
morrerei eu fremosa no mar maior.


15       Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

Non hei i barqueiro, nen sei remar:  
morrerei fremosa no alto mar.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3?



**14. Completa o encrucillado con termos relacionados coa poesía e coa traxectoria audiovisual da autora.**



1. Levantar algo de abaixo arriba.
2. Persoa que ten un apego excesivo cara a si mesma.
3. Superficie extensa de terra onde non hai vivendas e que se pode dedicar ao cultivo.
4. Número, cantidade (en plural).
5. Código verbal usado polos membros dunha sociedade.
6. Período de tempo considerado completo e homoxéneo.
7. Pracer do espírito ou dos sentidos.
8. Membrana móbil que protexe o ollo (en plural).
9. Signo do alfabeto que representa un son (en plural).
10. Percorrer coa vista un escrito comprendendo o que di.

## AUTORRETRATO

1 Pero eu, filla das miñas fillas, hei dismantelar a golpe de deslumbramentos esta aciaga militancia dunha yolanda emigrante de min. Eu, a soberana estéril, a por desgracia egoísta. Debo tasar a dose exacta de memoria e esquezo. Así a miña visión da vereda é un rostro dende atrás. Todas as escuras raigames que se nacen en min. Non hai dirección que non me  
5 conteña, raza que non en min se comece e filas de díxitos extendendo para min os seus dedos ferais. O que interesa son os meus pasos. Como un bosque de símbolos do que a miña ignorancia é significativa. Moito deixarse a pel pero eu non quixen aprender a chegar. Xardín exiguo, vento pechado de mans, infinita cuadrícula. Renuncio ó lugar do alento. Quero aprender a saír.

10 Hai tempo que un animal vive nutríndose do esquezo. Pero eu son a ventrílocua, eu, a tirana louca, a analfabeta. Co magnífico libro das venturas agochado na vulva. A que non comprendeu nada pero sentiuno todo. Son a ventrílocua, a que corre cantando polos corredores de chumbo, con voz de pizarra. E abortar foi unha obriga, unha necesidade fonda, un desafío. Para cando o pálido manto da miña memoria se vai cubrindo desta pel  
15 que eu serei. Que todas as noites con devoción escribo arrebatadoras cartas de amor e nas madrugadas panexíricos a esta yolanda mesquiña, que sabe venderse e coñece o final.

Son eu na cripta e o meu nome dentro debuxado de tiza. Habitacións concéntricas. Que a miña intelixencia non compre o meu sentido. O tacto, o privilexio, as ganas de tirarse. Nin a miña cabeza será escrava do meu orgullo. Yolanda a soldada, a comerciante. Porque eu son  
20 a que nin agarda. Son o auriga do ardente carro. A egoísta porque está soa. Que tanta calamidade me satisface, porque a miña beleza fundará dinastías. E entón será ir cunha minuciosidade de devota recolleitando eses minúsculos e ditosos pedaciños de espello roto que eu son. Yolanda farame un fogar paupérrimo entre os seus brazos de mundo e así aprenderei a inenarrable alegría de ter casa.

25 *E entón virá ese postrímero advento e A VerbA farase carne. E eu direi: "Eu son a da única estirpe de Adnaloj, a que extenderá os seus dedos flamíxeros sobre o horizonte, a que baixará e despois se despojará do seu manto e vestirá un saial, e logo reclinarase e dará de comer o seu corazón ás bestas".*

**1. Explica, tendo en conta o contexto no que aparecen, o significado das seguintes palabras:** aciaga (liña 1), d́xitos (liña 5), ferais (liña 6), exiguu (liña 8), pauṕrrimo (liña 23), postŕmero (liña 25), estirpe (liña 26) e flaḿxeros (liña 26).

**2. Cal é a identidade da voz poética? En que fragmento/s do texto te apoias para deducilo?**

**3. A voz poética adopta varios roles no poema. Algúns deles aparecen a continuación. Asóciaos co seu significado.**

|             |   |
|-------------|---|
| ventrílocua | Persoa que goberna de maneira absoluta, inxusta e mesmo cruel, impondo a súa vontade por riba da dos seus súbditos. |
| auriga      | Que non sabe ler nin escribir.  |
| devota      | Conductor dos carros de cabalos que participaban nas carreiras do circo.  |
| tirana      | Persoa que está demasiado atada aos seus propios intereses e amosa falta de xenerosidade cara aos demais.           |
| analfabeta  | Capaz de falar con distintas voces sen apenas mover os labios, de xeito que parece que os sons proceden do ventre.  |
| mesquiña    | Que ten devoción.   |

**4. Localiza no poema outros roles da voz poética que non aparezan xa recollidos no exercicio anterior e indica, xustificando a resposta, se algún deles foi desempeñado unicamente por homes nalgún momento da historia.**

**5. Explica o sentido que teñen as seguintes afirmacións tomadas do texto:**

- a. "(...) eu, filla das miñas fillas" (liña 1).
- b. "(...) unha Yolanda emigrante de min" (liña 2).
- c. "Que a miña intelixencia non compre o meu sentido" (liña 18).
- d. "Nin a miña cabeza será escrava do meu orgullo" (liña 19).

**6. No poema aparecen dous termos que pertencen ao campo semántico da vestimenta. Localízaos. En que se diferencian?**

**7. O panexírico é unha modalidade literaria que consiste en...?**

**8. Por que a palabra "Adnaloy" é un anagrama?**

**9. O enunciado "auriga do ardente carro" alude a un personaxe mitolóxico. Averigua quen é e tamén a súa historia.**

**10. Sor Juana Inés de la Cruz identifica, no seu libro *Primero sueño* (1692), ao personaxe mencionado no exercicio anterior co desexo de acadar o coñecemento. Pensas que, neste poema, se lle atribúe o mesmo significado á presenza deste personaxe?**

**11. De onde procede a seguinte referencia: "E entón virá ese postrímero advento e A Verba farase carne"? Explica tamén o seu significado.**

**12. En 2004, Yolanda Castaño acadou o Premio á Mellor Vídeocreación no Festival Compostela Curtocircuíto polo vídeopoema que elaborou sobre este texto. Visualízao (en Youtube ou na páxina web da autora) e fai un breve comentario sobre el.**

**13. Seguindo os parámetros da ABAU, elabora un texto crítico e argumentativo analizando a situación actual da muller no mercado laboral.**

## A POESÍA É UNHA LINGUA MINORIZADA

1 Comezaría polo espesor. A súa acidez, o seu ph.

Camiña igual ca unha muller:  
entre o masacre do invisible  
e o campo de concentración da visibilidade.

5 Ladra estilo e final,  
unha épica hospitalaria.

No poema a linguaxe  
faise ouvidos xordos a si mesma,  
nel as palabras amplían

10 o seu círculo de amizades.

Hai que masturbar o abecedario  
ata que balbuza cousas  
aparentemente inconexas.

15 Caixa de cambios da fala,  
acenos doutra orde.  
O sorriso do mosquito dentro da pedra de ámbar.

Non se trata de que non comprendas árabe.  
Non entendes

poesía.

*De A Segunda Lingua (2014)*

**1. Indica, atendendo ao seu contexto, o significado das seguintes palabras:**

espesor (verso 1), massacre (verso 3), hospitalaria (verso 6), balbuza (verso 12), acenos (verso 15) e ámbar (verso 16).

**2. Define o concepto de lingua minorizada e explica, despois, por que aparece no título do poema.**

**3. A palabra “acidez” adquire diferentes significados segundo se interprete desde un punto de vista gastronómico, médico ou químico. Indica cales son.**

**4. Busca no texto a palabra, ou o enunciado, que lle acae a cada unha das seguintes definicións.**

- 4.1. Coeficiente que indica o grao de acidez ou basicidade dunha solución acuosa.
- 4.2. Caixa que contén os mecanismos dos cambios de velocidade nos automóviles.
- 4.3. Liña curva que representa aproximada ou exactamente unha circunferencia.
- 4.4. Recinto, xeralmente aillado dos núcleos urbanos, onde se reclúe a prisioneiros políticos ou de guerra.
- 4.5. Conxunto ou serie ordenada das letras coas que se representan os sons dunha lingua.

**5. A antítese é un recurso estilístico que asocia contidos que se opoñen entre si. Localiza un exemplo no poema.**




6. Neste texto aparecen varios termos que teñen relación coa linguaxe. Cales son?

7. Na segunda estrofa identifícase o poema cunha muller e dise que camiña “entre o massacre do invisible / e o campo de concentración da visibilidade”. Por que?

8. A que se refire a voz poética cando di que no poema “as palabras amplían / o seu círculo de amizades”?

10. Seguindo os parámetros da ABAU, elabora un texto crítico e argumentativo sobre os problemas que teñen, adoitado, os falantes de linguas minorizadas.



## METROFOBIA

- 1 Ao fondo da paisaxe, a chuvia  
esvaece as nubes cun borrón.  
Esta folla de ruta milita na xograresca.
- Xa teño gana de partir e o meu coche é un soldado.
- 5 Non vas oíndo chifrar o seu cargamento sensible?  
As estradas comarcais parecen  
cadernos pautados.  
Gustaríame sucар os montes cun poema ao lombo  
coma os viaxantes.
- 10 O meu coche é unha bala prateada con  
ritmo en vez de pólvora, e eu dígolle: “Vamos!”.  
Xuntos atravesamos vales, barrios de funcionarios,  
as grandes explotacións eólicas  
danme ganas de loitar contra os xigantes.
- 15 O meu coche mais eu entendémonos sen dicirnos nada.
- Flores brancas do ibuprofeno,  
o meu coche é un soldado  
e eu dígolle: “Vamos recitar poemas  
a Monforte de Lemos!”,
- 20 e el  
acompaña o seu motor ao meu rexistro,  
repenica,  
badalea  
aínda que teña
- 25 metrofobia.



**1. Indica, tendo en conta o seu contexto, o significado das seguintes palabras:**

esvaece (verso 2), milita (verso 3), chifrar (verso 5), eólicas (verso 13) e repenica (verso 23).

**2. En grego *fobos* significa temor. A que ten medo quen padece metrofobia? Quen sofre metrofobia neste poema?**

**3. Segundo a voz poética, a que se parecen as estradas comarcais? Onde radica este parecido?**

**4. Que papel desempeña o coche neste texto? Sabes que corrente de vangarda lle concedía un gran protagonismo literario aos avances tecnolóxicos?**

**5. Explica o sentido que teñen estes dous versos: “O meu coche é unha bala prateada con / ritmo en vez de pólvora”.**

**6. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións. Xustifica a túa resposta indicando os fragmentos do poema nos que te baseas para afirmalo.**

6.1. O seu coche permítelle ao eu poético ir recitar a diferentes lugares.

6.2. O coche é vello e lento.

6.3. Dáse unha comprensión total entre a propietaria e o coche, de feito, nin sequera precisan das palabras para comunicárense.

6.4. Aínda que o intenta, o coche é incapaz de axustar o seu ritmo ao rexistro poético.

6.5. Recitar é algo que satisface ao eu poético.

**7. Mediante que procedemento se forma a palabra “xograresca”? Por que a “folla de ruta” se identifica con ela?**

8. No poema menciónanse dúas profesións que teñen en común o feito de seren itinerantes. Cales son? Por que se sente vinculado con elas o eu poético?

9. Nos versos “as grandes explotacións eólicas / danme ganas de loitar contra os xigantes” está implícita unha referencia a un dos episodios máis coñecidos de *El Quijote*. Averigua a cal.

10. No poema aparece un topónimo. Localízao e indica en que provincia galega se sitúa.

11. Seguindo os parámetros da ABAU, elabora un comentario crítico sobre as causas e consecuencias das fobias centrándote principalmente nas derivadas do excesivo culto ao corpo.

